



Novas táboas salariais 2022 e 2023 do XXIII convenio de Autoescolas: adaptación salarial á disposición transitoria 2ª e ao SMI de 2023

A CIG-Ensino non asinou por seguir mantendo a precariedade salarial no persoal traballador, tal e como denunciámos cando as OO.SS estatais asinaron o XXIII convenio en vigor, que consolidaba os salarios da maioría das categorías no SMI.

Despois de dúas mesas negociadoras, os asinantes do XXIII convenio, suscribiron as **novas táboas salariais de 2022 e 2023**, actualizándoas segundo a disposición transitoria 2ª, que recollía unha cláusula de revisión salarial segundo o IPC para os anos 2022 e 2023. Como o incremento asinado no seu día para as táboas de 2022 foi do 2%, agora increméntanse o 3,7%, ate o 5,7% total sobre as táboas de 2021 publicadas no XXIII convenio.

Logo as de 2023 volven recalcarse sobre as novas táboas de 2022, coa suba que xa se asinara no

convenio do 4% (en xaneiro de 2024 haberá de novo cláusula de revisión salarial segundo IPC) e ademais adáptanse ao SMI de 2023 (1080€/mes ou 15120€/ano), pois a precariedade salarial é tal, que **a maioría das categorías ficaban por debaixo de dito SMI. As categorías máis altas pouco máis superan ese salario mínimo interprofesional.**

Desde a CIG-Ensino non se asinaron estas táboas, por coherencia ao non sermos asinantes deste convenio e por seguir mantendo a precariedade salarial no persoal traballador, tal e como denunciámos cando as OO.SS estatais de sempre, asinaron o XXIII convenio en vigor, **que consolidaba os salarios da maioría das categorías no SMI e as que o superan é por moi pouco máis**, tal e como se pode comprobar nas mesmas.

TÁBOAS SALARIAIS ANO 2022

GRUPO PROFESIONAL	SALARIO BASE	ANTIGÜIDADE/ TRIENIO*	PLUS TRANSPORTE (1)	GARANTÍA SMI
GRUPO 0 PERSOAL DIRECTIVO	1.081,38 €	38,10 €	38,49 €	
GRUPO 1 PERSOAL DOCENTE	1.067,36 €	34,43 €	38,49 €	
GRUPO 2 ADMINISTRATIVO				
Oficial administrativo	970,33 €	25,29 €	38,49 €	GARANTÍA SMI 2022
Auxiliar administrativo	955,53 €	25,29 €	38,49 €	GARANTÍA SMI 2022
GRUPO 3 PERSOAL AUXILIAR E SERVIZOS				
Mecánicos, Condutores, Limpeza	955,53 €	25,29 €	38,49 €	GARANTÍA SMI 2022

TÁBOAS SALARIAIS ANO 2023

GRUPO PROFESIONAL	SALARIO BASE	ANTIGÜIDADE/ TRIENIO*	PLUS TRANSPORTE (1)	GARANTÍA SMI
GRUPO 0 PERSOAL DIRECTIVO	1.124,64 €	38,10 €	38,49 €	
GRUPO 1 PERSOAL DOCENTE	1.110,05 €	34,43 €	38,49 €	
GRUPO 2 ADMINISTRATIVO				
Oficial administrativo	1.009,14 €	25,29 €	38,49 €	GARANTÍA SMI 2023
Auxiliar administrativo	1.008,00 €	25,29 €	38,49 €	GARANTÍA SMI 2023
GRUPO 3 PERSOAL AUXILIAR E SERVIZOS				
Mecánicos, Condutores, Limpeza	1.008,00 €	25,29 €	38,49 €	GARANTÍA SMI 2023

(1) **Plus de transporte:** será aboado solamente polos meses efectivamente traballados, non devengándose en periodos de Incapacidade Transitoria ou vacacións. Abonable a todos os Grupos Profesionais salvo que a persoa traballadora faga uso do coche da empresa para o desprazamento á súa vivenda (*in itinere*).

(2) O **salario base e a antigüidade** percíbense en 15 mensualidades.

- * As persoas traballadoras que fagan as funcións de Aspirante, encadradas no Grupo Profesional de ADMINISTRATIVAS/OS percibirán, no seu caso, un Complemento de Antigüidade de 16,38 €.
- En todo caso o Salario Base do Grupo 1 manterá unha diferenza no salario mínimo interprofesional contemplada na Disposición Transitoria Segunda. 2.2º

